

**SESIÓN EXTRAORDINARIA DA COMISION INFORMATIVA DE PRESIDENCIA,
RÉXIME INTERIOR, FACENDA E PROMOCIÓN ECONÓMICA DE DATA 13 DE
FEBREIRO DE 2008**

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas e corenta e un minutos do día trece de febreiro de dous mil oito, reúnen-se en sesión extraordinaria e primeira convocatoria, os membros da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Promoción Económica que a continuación se relacionan, segundo se deriva das actas da sesión extraordinaria da corporación municipal de data 13 de xullo de 2007 e da sesión ordinaria de 26 de xullo de 2007.

Asistentes:

- Presidente: Don Francisco Javier Varela Tejedor, do PSdeG-PSOE
- Don Felipe Andreu Barallobre, do PP
- Don Antón Otero Domínguez, do BNG
- Don Luis Miguel Taibo Casás, de EU-IU
- Don Manuel Marante Gómez, do Grupo Mixto (PG)

Faise constar que están presentes os señores concelleiros don Jaime Manuel López Lisnier, dona Erundina Prado Arcay, dona Carmen Tato Lago, don José Venancio Salcines Cristal e dona María Beatriz Ramos Padín, do PSdeG-PSOE; don José Antonio Baamonde López, don Nicolás José Cubeiro Martínez, dona María Jesús González Roel, dona María Jesús Vieites Mariñas, don Santiago Manuel Ríos Rama e dona Goretti Pérez Eléxpuru, do PP; don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, dona Gumersinda Becerra Montes e dona Laura Fernández Martínez, do BNG; e don Juan Antonio Fernández López, de EU-IU.

Asiste dona M^a Irache Enríquez Albania, interventora, e dona M^a Luisa de la Red Ampudia como secretaria da corporación.

1º Proposta de solicitude de axudas do Fondo FEDER 2007-2013 para proxectos de desenvolvemento local e urbano

Vista a proposta da Alcaldía de data 7 de febreiro actual.

Comeza don Francisco Javier Varela Tejedor manifestando que a partir do 1 de decembro de 2007 fíxose unha previsión de actuacións que foi entregada o 11 de decembro aos voceiros. Elixíronse esas actuacións como se podían ter elixido outras. Coa proposta que se presentou aos demais grupos en decembro pretendíase buscar outras liñas de actuación e, dado que a día de hoxe non se presentou ningunha, e que finaliza o prazo de presentación o 15 do actual, pide o voto favorable.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, concelleiro do BNG, expón que en decembro se entregaron tres folios ou catro cun deseño, e agora preséntase este proxecto. Segundo consta na proposta, adjudicouse a elaboración do proxecto o 7 de febreiro actual, o 8 fíxose a convocatoria do pleno, e esa tarde deuse a memoria. Di que esas incongruencias quizais sexan perdonables, pero hai cousas que non encaixan, pois eses foron algúns dos proxectos que se escolleron e se desenvolveron segundo os eixes da convocatoria, algúns con documentacións curiosísimas.

Segue dicindo que os aspectos concretos que se escollen, algúns son comúns para todos, como internet, mellorar o río Mero, pero non din nada. Fálase de sitios inexistentes como a praza do Concello de Cambre que sempre se coñeceu como o Campo da Feira. Outras cuestións son máis concretas, como a pista de skate, e noutros casos trátase de regalar o pouco patrimonio co que conta o concello a institucións que non son de aquí, polo que non van contar co apoio do BNG.

Engade que, ademais, aínda que concederan a subvención, algunhas das actuacións precisan autorizacións en toda regra como en cuestións de patrimonio e medio ambiente, e algúns proxectos é imposible que se poidan levar a cabo. Están sorprendidos porque existen cantidade de actuacións que se poderían ter metido. A este respecto, non pide que se collera o proxecto electoral do BNG, pero si se podería ter feito un refundido con todas as propostas dos distintos partidos, incluso, lembra, poderían terse recollido mocións aprobadas por unanimidade durante a lexislatura, que algunhas facían referencia a humanizacións do Graxal, en vez de meter no proxecto un cúmulo de vaguidades e ideas peregrinas que non son executables e que acaban, ao final de todo, coa creación dunha estrutura de xestión paralela ao concello, allea e sen control polos representantes electos, que non van a poder participar en absoluto.

Conclúe dicindo que isto non hai por onde collelo. Sería unha irresponsabilidade aprobalo, e non sería coherente pois debe terse en conta a chamada de atención que se fai en canto a que se hipoteca o orzamento de investimentos nos vindeiros tres anos e, aínda que hai cousas que

se poden substituír, outras dificilmente, polo que lles deixa un marxe de manobra moi pequeno.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, expón que a proposta que se presenta non contempla as necesidades que hoxe ten o concello, sobre todo pola vertebración que ten o concello. Os proxectos que se inclúen como río Mero, casa das ideas, equipamento da casa da cultura, non son necesarios neste momento, outros si.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, manifesta que está de acordo co exposto polos compañeiros que o precederon. Hai anomalías tremendas, á parte dunha memoria moi ambigua. Algunha actuación pódese aprobar, pero a maior parte das presentadas non.

A comisión, en votación ordinaria, por un voto a prol do concelleiro do PSdG-PSOE, tres votos en contra correspondentes aos concelleiros do BNG, EU-IU e GM (PG), coa abstención do concelleiro do PP, en aplicación do voto ponderado, ditamina favorablemente a seguinte proposta:

Primeiro: Aprobar o proxecto “ARUME” con un orzamento total de 4.329.000,00 €, conformado por cinco programas de actuación básicos nos que se desenvolven unha serie de medidas que a continuación se relacionan:

- **Programa de implementación de novas tecnoloxías e enerxías renovables**
 - Creación dunha wifi municipal
 - Instalación de enerxía solar na piscina municipal

- **Programa de rexeneración urbana**
 - Rexeneración urbana da Praza do concello
 - Plan de humanización do Graxal

- **Programa de Conservación do Patrimonio**
 - Senda fluvial de transporte alternativo no río Mero
 - Creación da Casa de las Ideas

- **Programa de Dinamización Social**
 - Parque multifuncional de Sigrás
 - Equipamentos deportivos: pista de skate
 - Equipamentos Sociais: Ludoteca e Casa da Cultura

▪ **Programa de Xestión**

- Plan de Promoción e Difusión
- Plan de xestión
- Evaluación Externa do Proxecto, de IO e Medioambiente

Segundo: De conformidade coa Resolución do 7 de novembro de 2007, da Secretaría de Estado de Cooperación Territorial pola que se aproban as bases reguladoras da convocatoria 2007 de axudas do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), para cofinanciar proxectos de desenvolvemento local e urbano durante o período de intervención 2007-2013, solicitar as axudas FEDER 2007-2013 para desenvolvemento local e urbano, para a realización do proxecto “ARUME”, co investimento que se indica a continuación:

Denominación	Proxecto ARUME
Orzamento	4.329.000,00 €
Axuda FEDER solicitada	3.030.300 €
Achega municipal	1.298.700 €

Terceiro: Para o financiamento do importe da achega municipal con cargo aos seus propios recursos, este concello comprométese a incluír no orzamentos municipais correspondentes ao 2008, 2009 e 2010 o crédito necesario para o seu financiamento.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e unha horas e cinco minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria

Francisco Javier Varela Tejedor

M^a Luisa de la Red Ampudia